

"....."

A última palabra é moi importante no transcorrer dun conto como este, precisamente as que a simple vista non parecen encerrar un significado moi profundo son as que máis fan pensar a xente coma min, e unha desas palabras é a protagonista desta historia. Seguramente vos estaredes a preguntar por que na cabeceira "disto" non hai un título ben bonito e coas letras grandes e maiúsculas, deses que tanto vos gustan e que fan que vos enchades de satisfacción namais lelo, pero aínda que non o pareza o conto que ides ler si ten título, chámase NADA... que por que se chama así, iso xa o saberedes.

- "Eu non fixen NADA"- dixo Xaquín antes de dar un portazo e saír á rúa. A súa nai, como sempre bébeda, acababa de botarlle a correspondente bronca por arruinarlle a súa vida ó nacer e tentaba inculpalo das penurias polas que pasaban para sentirse por un momento libre de culpas.

Xaquín, como xa estaba acostumado, pasou dela e incluso non lle pegou como viña facendo as últimas veces. Soamente a insultou repetidamente. Unha vez fóra, dirixiuse rúa abaixo ata o parque onde o esperaban os seus amigos. Pouco antes de chegar estivo a piques de pisar o seu futuro... o de todos. Atopou unha boliña azul no chan que lle chamou a atención e que colleu na man. Fixouse en que estaba sostendo unha réplica exacta do planeta Terra. Ía mordela cando oíu unha voz que o chamaba e lle dicía:

- "¡Xaquín, Xaquín, axúdanos! Por unha vez fai algo en vez de NADA."

Xaquín quedou pasmado mentres a voz seguía soando nos seus oídos:

- "Estamos na ano 2127 e a Terra xa non existe como tal, senón que se transformou nunha pequena boliña, a que ti tes na man."

- "Pero como pode ser iso", dixo Xaquín.

- "Pois é algo moi fácil de contar pero moi difícil de comprender para o teu tempo."

Da Terra seguían saíndo peticións de axuda desesperada, dicindo que lles quedaba moi pouco tempo para salvarse e que todo estaba nas mans de Xaquín, e xa non era unha soa voceciña, senón miles de millóns de voces. Despois de todo o varullo tódalas voces uníronse nunha preguntando ansiosamente:

- "¡Xaquín!, ¿que é o que vas facer?"

Xaquín moi presionado pola responsabilidade que tiña ante si decidiu, como sempre, evitala tirando o futuro a un sumidoiro, á vez que dicía:

- "NADA".

FIN

Desgraciadamente o mundo que nos tocou vivir é así, e a xente poderosa que ten nas súas mans o noso futuro non soamente non fai NADA, senón que o tiran polo sumidoiro día a día como Xaquín. Por iso ti non pases de todo e segue traballando por cambialo, que non é imposible.

José Fachal (4º A)
(OUTRO FACHAL)

